PREGO DE PRESCRIPCIONS TECNICAS DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE "VIXIANCIA, SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL"

1.- OBXECTO

O obxecto do contrato é a prestación dos servizos de socorrismo e primeiros auxilios, vixilancia, control, limpeza e conservación na praia fluvial de Tapia e nas piscinas públicas descubertas do Concello de Ames durante o período comprendido dende o 15 de xuño e ata o 15 de setembro (ambos inclusive).

2.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

a) Contratará a todo o persoal necesario para levar a cabo o servizo, debendo este dispor de titulación axeitada e homologada conforme a lexislación vixente que sexa de aplicación. O adxudicatario tamén deberá dispor dos medios materiais suficientes para a prestación do servizo e asimesmo deberá asumir os custos de reposición dos materias dos botiquíns de primeiros auxilios, reactivos para medir os parámetros da auga dos vasos, etc.

A empresa adxudicataria contratará:

Unha persoa responsable da coordinación de todo o persoal o servizo.

A empresa terá que dispoñer dunha persoa responsable da dirección, coordinación e supervisión dos servizos prestados, tanto de socorrismo coma de vixilancia. Esta persoa terá unha formación académica de grao medio específica das tarefas que se van desempeñar nas instalacións ou tamén se pode acreditar, por parte da empresa, unha dilatada experiencia adquirida neste ámbito (mínima de 2 anos) e nunhas instalacións de similares características. Esta persoa responsable da coordinación será o nexo de unión coa dirección técnica municipal e as funcións que vai a ter van ser as seguintes:

• Supervisar o cumprimento dos horarios do persoal do servizo.

• Colaborar co Concello na recollida de datos e outros traballos indispensables para o bo funcionamento do servizo.

• Elaborar informes mensuais do funcionamento do servizo.

Servizo de Socorristas e primeiros auxilios

A empresa adxudicataria deberá dispor do material e persoal necesario para cubrir o servizo de socorrismo nas instalacións da praia fluvial de Tapia e nas piscinas descubertas municipais de Bertamiráns e o Milladoiro nas seguintes datas e horarios, do 15 de xuño ao 15 de setembro:

- Praia fluvial de Tapia: De luns a venres en horario de 15:00 ás 21:00 horas. Sábados, domingos e festivos en horario de 11:00 ás 21:00 horas.

- Piscina descuberta de Bertamiráns: Todos os días semana (incluídos festivos) en horario de 10:30 ás 20:30 horas

- Piscina descuberta do Milladoiro: Todos os días da semana (incluídos festivos) en horario de 10:30 ás 20:30 horas

Durante todo o horario de cobertura do servizo será necesaria a presencia mínima **dun/dunha socorrista** nas piscinas descubertas públicas de Bertamiráns e Milladoiro, e unha presencia mínima de **tres socorristas na praia fluvial de Tapia**, con formación en salvamento acuático e prestación de primeiros auxilios, que conten con titulación axeitada en vigor.

O persoal socorrista deberá ser dotado por parte da empresa adxudicataria da

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

vestimenta que cumpra coas seguintes características:

- Deberá ser perfectamente identificable e levará o distintivo de socorrista así como o distintivo do Concello.
- Manterá unha uniformidade entre quendas e persoas.

Tarefas:

- Estar presente no espazo das instalación durante todo o horario de apertura.
- Vixiar, protexer e auxiliar aos usuarios.
- Velar pola plena seguridade dos usuarios e facer gardar o Regulamento da instalación, así como o resto dos regulamentos e demais normativa que sexan de aplicación.
- Responsabilizarse do manexo, localización e demais normativas e garda dos elementos de seguridade.
- Desenvolver todas aquelas labores de réxime de autocontrol que lle correspondan tales como a cumprimentación de libros de seguridade, control e información de incidencias).
- Sinalizar, mediante carteis os usos e delimitar, coa colocación ou retirada de corcheiras, os espazos para uso óptimo da piscina.
- Manter un contacto educativo cos usuarios, asesorándoos sobre a práctica adecuada da natación, así como o bo uso das instalacións e respecto ao resto das persoas usuarias.
- Atender as queixas e reclamacións e recibir as ideas e suxestións tanto das persoas bañistas como do persoal, así como trasladalas a persoa que corresponda.
- Levar o control do contido do botiquín situado nas dependencias onde se vai a prestar o servizo; control de caducidades dos medicamentos e comunicación do material esgotado para a súa substitución.
- Velar polo cumprimento do aforo máximo dentro dos vasos das piscinas.

Servizo de vixilancia, control, limpeza e conservación

A empresa adxudicataria deberá dispor do persoal, tecnicamente capacitado e con experiencia mínima de 6 meses neste tipo de traballo, necesario para o coidado, vixilancia e control de acceso, así como para atención dos servizos nas instalacións da praia fluvial de Tapia e nas piscinas descubertas municipais de Bertamiráns e do Milladoiro. Esta persoa será a responsable do correcto funcionamento das instalacións e servizos, da observancia das disposicións legais, sen prexuízo da responsabilidade da empresa concesionaria, que deberá coñecer en todo momento o estado de funcionamento das instalacións. O servizo deberá estar cuberto no periodo de apertura das instalacións, tendo en conta as seguintes datas e horarios de apertura (do 15 de xuño ao 15 de setembro):

- Praia fluvial de Tapia: de luns a venres en horario das 15:00 ás 21:00 horas.
Sábados, domingos e festivos en horario das 11:00 ás 21:00 horas.

- Piscina Descuberta Municipal de Bertamiráns: todos os días da semana (incluídos festivos) en horario das 11:00 ás 21:00 horas.

- Piscina Descuberta Municipal do Milladoiro: todos os días da semana (incluídos festivos) en horario das 11:00 ás 21:00 horas.

Durante todo o horario de cobertura do servizo será necesaria a presencia mínima dun/unha vixilante, tanto nas piscinas descubertas de Bertamiráns e do Milladoiro coma na praia fluvial de Tapia.

A parte da cobertura do horario, o persoal tamén deberá realizar as tarefas necesarias para ter preparada a instalación antes da apertura da mesma. Estas tarefas implican que este persoal teña que ir cunha certa antelación antes da apertura da instalación. Polo tanto, para cubrir este servizo de vixilancia e control farían falta dous vixilantes a

xornada completa para cada unha das instalacións máis algún tipo de persoal de reforzo para cubrir posibles descansos, vacacións ou días libres. O horario de traballo a cumprir por cada instalación sería o seguinte:

- Praia fluvial de Tapia: de luns a domingo en horario das 10:00 ás 21:00 horas (77 horas)

- Piscina descuberta de Bertamiráns: de luns a domingo en horario das 9:00 ás 14:00 horas e das 15:00 ás 21:00 horas (77 horas)

- Piscina descuberta do Milladoiro: de luns a domingo en horario das 9:00 ás 14:00 horas e das 15:00 ás 21:00 horas (77 horas)

O persoal contratado deberá contar, como mínimo, cunha experiencia de 6 meses en servizos prestados en idéntico posto en piscinas de uso colectivo incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico- sanitario de piscinas de uso colectivo.

O persoal de vixilancia deberá ser dotado por parte da empresa adxudicataria da vestimenta que cumpra coas seguintes características:

- Deberá ser perfectamente identificable e levará o distintivo de socorrista así como o distintivo do Concello. Manterá unha uniformidade entre quendas e persoas.

Tarefas:

− Apertura e peche das instalacións.

- Estar presente no espazo das instalación durante todo o horario de apertura.

- Comprobación do estado das dependencias e da maquinaria específica da instalación.

- Revisión da maquinaria específica da instalación

- Rego de zonas axardinadas.

- Limpeza e coidado das distintas dependencias e limpeza do fondo do vaso da instalación.

- Vixilancia do cumprimento das normas que se establezan para a utilización de medios, equipos e dependencias.

- Mantemento diario das piscinas coa comprobación dos parámetros de auga dos vasos, segundo a normativa vixente

- Control de acceso ás instalación: cobro de entradas de ser o caso e comprobación de carnés de ususario.

- Desenvolver todas aquelas labores de réxime de autocontrol que lle correspondan tales como a cumprimentación de libros de seguridade, control e información de incidencias.

- Calquera outra, correspondente á natureza do seu posto de traballo e das súas funcións.

b) Utilizar con dilixencia as instalacións nas que se vai a desenvolver este servizo, repoñendo no seu caso as desfeitas ocasionadas derivadas do desenvolvemento do contrato.

c) Distribuír o material e o equipamento que o concello poña a súa disposición para o funcionamento do servizo, encargándose do seu coidado e bo uso. O citado material será en todo momento de propiedade municipal.

d) Satisfacer ao seu cargo todos os gastos de persoal. O adxudicatario ten a obriga de cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia de Dereito do Traballo, Seguridade Social e a lexislación reguladora, así como da Seguridade e Hixiene no Traballo e calquera outra de xeral observancia.

e) Elaboración e presentación dun informe mensual onde se recollan os seguintes puntos:

● Información de como está transcorrendo o servizo
● Incidencias
● Baixas de persoal e substitucións
● Problemática nas instalacións
● Problemas de funcionamento

* A data límite de presentación do informe será o día 20 de cada mes.

f) A empresa adxudicataria deberá acollerse en todo momento ao establecido no Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo e no Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.

g) Ademais das obrigas recollidas expresamente nesta cláusula, serán de aplicación o emprego do galego en todas as actividades derivadas da execución deste contrato, segundo o establecido na ordenanza de impulso do galego do Concello de Ames, e calquera outra que derive do presente prego, contrato que se formalice, regulamento dos servizos, ordes e instrucións dos servizos e demais normativa de aplicación.

3.- BENEFICIOS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario percibirá a cantidade correspondente e establecida na oferta económica do adxudicatario do concurso.

4.- OBRIGAS E DEREITOS DO CONCELLO

A. Establecerá as normas a cumprir en cada unha das instalacións.

B. Manterá os servizos indicados polo tempo estipulado, sempre que non existan causas graves que motiven a finalización do servizo.

C. Controlará en coordinación coa empresa adxudicataria o funcionamento do servizo.

D. Cederá o equipamento e material especifico das instalacións para poder levar a cabo o servizo.

5.- HORARIOS E LUGARES DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Os lugares, datas e horarios de presentación do servizo serán:

DATAS: do 15 de xuño ao 15 de setembro:

INSTALACIÓNS E HORARIOS:

- Praia fluvial de Tapia: de luns a venres en horario das 15:00 ás 21:00 horas. Sábados, domingos e festivos en horario das 11:00 ás 21:00 horas.

- Piscina Descuberta Municipal de Bertamiráns: todos os días da semana (incluídos festivos) en horario das 11:00 ás 21:00 horas.

- Piscina Descuberta Municipal do Milladoiro: todos os días da semana (incluídos festivos) en horario das 11:00 ás 21:00 horas.

6.- MEDIOS DE COMUNICACIÓN

O adxudicatario deberá poñer en coñecemento do Concello un número de teléfono móbil, ademais dun número de fax e/ou correo electrónico, que poida permitir a localización do coordinador/encargado da contrata.